

NOTA ACLARATORIA

O R.D. 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, recolle na súa Disposición Adicional 1ª que:

"1. A implantación polas Universidades dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos previstos por este real decreto, poderá realizarse de maneira simultánea, para un ou varios cursos, ou progresiva, de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plan de estudos.

2. No curso académico 2010-2011 non poderán ofertarse prazas de novo ingreso no primeiro curso para as actuais titulacións de Licenciado, Diplomado, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro Técnico."

Asemade, trala súa modificación polo R.D. 861/2010 de 2 de xullo, sinala na Disposición Transitoria 2ª, apartado a):

"Aos estudantes que na data de entrada en vigor deste real decreto, tiñan iniciado estudos universitarios oficiais conforme a anteriores ordenacións, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que iniciasen os seus estudos, sen prexuízo do establecido na Disposición Adicional Segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas. Isto, non obstante, as universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de polo menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á citada data de extinción."

Finalmente a Disposición Adicional 2ª indica que:

"Os alumnos que comezasen estudos conforme a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder aos ensinos regulados neste real decreto, previa admisión da Universidade correspondente de acordo co establecidos neste real decreto e na normativa da propia universidade."

A Universidade de Vigo recolle nas súas *Directrices Propias sobre Estrutura e Organización Académica dos Plans de Estudos*, aprobadas por Xunta de Goberno o 13 de setembro de 1999, no seu artigo 6.2:

"Os plans de estudo correspondentes a títulos oficiais, modificados total ou parcialmente, extinguiranse temporalmente curso por curso. Unha vez extinguido cada curso, efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos académicos seguintes".

Polo tanto, cómpre aclarar que, aos estudantes que teñan iniciado estudos oficiais nas titulacións de Licenciado, Diplomado, Enxeñeiro e Enxeñeiro Técnico na Universidade de Vigo é de aplicación a oferta de seis convocatorias de exame das materias de cada curso nos tres cursos académicos seguintes á súa extinción.

Vigo, 5 de novembro de 2010

O Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade



Asinado: Ignacio Barcia Rodríguez

SECRETARÍA XERAL
DIRECTORA DA ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
DECANOS/AS - DIRECTORES/AS
ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS
XEFES DE ÁREA ACADÉMICA / ADMINISTRACIÓN

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saida Nº 201000024411

